

PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CEIP LUIS PIMENTEL DE LUGO

INTRODUCCIÓN

O Proxecto lingüístico de Centro que presentamos é o resultado do traballo realizado pola Comisión do colexio Luis Pimentel tomando como punto de partida as enquisas levadas a cabo no ano 2006, que nos axudan a facer unha primeira análise do entorno sociolingüístico do centro; segundo os resultados acadados:

- Nas familias hai un predominio claro do galego entre os pais pero iguálase ó castelán cando se fala cos fillos, cos amigos ou no traballo.
- Na Administración, en papeis oficiais predomina o galego así como na atención ó cidadán.
- Os medios de comunicación agás a RTVG empregan maioritariamente o castelán.
- No colexio a nivel de aula emprégase o galego pero os nenos e nenas en periodo de lecer entre eles empregan o castelán

Resumindo diremos que no entorno conviven as dúas linguas oficiais, se ben dubidamos que sexa nunha situación de bilingüísmo como sería ideal.

Para propiciar unha situación de igualdade entre ámbalas dúas linguas no CEIP Luis Pimentel elaboramos este proxecto.

Tamén tivemos moi en conta para o PLC o Decreto 124/2007 do 28 de xuño polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo e concretamente no artigo 14 no que se marcan os puntos que deberán constar no Proxecto Lingüístico de Centro.

Outras fontes consultadas foron o mapa sociolingüístico de Galicia da Real Academia Galega, Normalización Lingüística da USC e toda a información chegada dende a Consellería de Educación e O. U.

Finalmente dicir que cada ano tentaremos avaliar este proxecto para melloralo en anos sucesivos tendo en conta que seguiremos a traballar na Planificación lingüística que será a guía do Proxecto.

LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ÁREAS

En Educación Infantil úsase preferentemente a lingua galega tanto a nivel oral como na selección de materiais empregados: fichas, debuxos, xogos...

Téntase que os nenos e nenas adquiran o coñecemento da outra lingua oficial, o castelán, habida conta que traen un coñecemento básico de calquera das dúas linguas.

En Educación Primaria impártese en

Galego:

- Lingua galega
- Coñecemento do medio natural, social e cultural
- Matemáticas
- Música
- Educación para a cidadanía e dereitos humanos.

Castelán:

- Lingua castelá
- Relixión

Galego e castelán

- Educación Física
- Lingua estranxeira
- Educación Plástica

Deste xeito cúmprese ampliamente a normativa vixente no Plan de Normalización da Lingua Galega aprobado polo Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004 de garantir que o alumnado reciba como mínimo o 50% da súa docencia en galego.

MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARAADOPTADAS PARA CONSEGUIR UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E ESCOLAR

As medidas que propoñemos van encamiñadas a alcanzar os obxectivos xerais basándose no establecido na LNL e na LOE.

Obxectivos xerais

- 1- Garantir o cumprimento da lei en materia de normalización lingüística según o establecido.
- 2- Propiciar que o galego sexa lingua normal de comunicación, expresión e traballo entre toda a comunidade educativa.

Para acadar estes obxectivos levaríanse a cabo as seguintes medidas:

- Realizar campañas dirixidas a incentivar o uso da lingua galega en tódolos ambitos (nas reunións, coas familias, cos nenos e nenas, coa Anpa...)
- Organizar reunións de traballo procurando acadar unha maior implicación.
- Converter o sitio web do colexio nunha fonte actualizada de difusión de información e iniciativas relacionadas coa normalización lingüística.
- Elaborar e difundir materiais específicos para consolidar as competencias lingüísticas dos membros da comunidade educativa.
- Velar porque non exista discriminación por razón da lingua
- Fomentar a utilización do galego nos traballos de curso, probas escritas, etc. agás as especificidades propias da ensinanza doutras linguas.
- Elaboración do xornal “Piringalladas do que se entrega un exemplar a cada familia.
- Empregar diversos materiais educativos en galego: publicacións, videos, DVD.
- Participar en actividades conmemorativas: letras galegas, nadal, maio... tal como figura no Plan Xeral para o uso do galego incluído na Programación Xeral Anual.

CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE NO CONTORNO

Para determinar a lingua predominante no entorno remitímonos ó mapa sociolingüístico de Galicia elaborado pola RAG, nel figura que o 66% da poboación considera que o galego debería ser a lingua da escola. Tamén tivemos moi presentes os resultados acadados nas enquisas realizadas en xaneiro de 2006 e que no seu apartado 7 facían referencia a lingua empregada nas familias: entre eles, cos fillos, no traballo, cos amigos...

Non podemos esquecer a importancia da observación directa e diaria sobre a lingua empregada no ámbito escolar e que non sempre coincide co reflectido nas enquisas.

De todo isto deducimos que queda un bo camiño por percorrer pois no tempo de lecer e nas saídas seguimos a escoitar moito máis o castelán como lingua dos nosos nenos e nenas, aínda que as enquisas nos digan que hai unha igualdade de ámbalas dúas linguas ou incluso un predominio do galego.

MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN

Cando algún alumno non teña suficiente dominio das linguas, nun primeiro momento o titor prestaralle a atención individualizada necesaria e o reforzo educativo coa axuda dos mestres de PT cando cumpra, intentando:

- Comenzar nos primeiros niveis polos mínimos marcados no Decreto 124/2007, avanzando según o ritmo do alumno.
- Traballar a oralidade.
- Fomentar no alumnado actitudes positivas cara o uso do galego
- Tentar crear contextos onde o alumno se sinta estimulado a empregar o galego.

Se estas medidas non fosen suficientes chegariase a levar a cabo unha adaptación curricular.

ACTIVIDADES QUE SE VAN A ORGANIZAR PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Dentro do plan Xeral para o uso do galego do que se falou anteriormente están previstas actividades para potenciar o uso do galego e tamén para mellorar a valoración positiva do uso da lingua, unhas véñense levando a cabo dende hai anos e outras son anuais cambiando según o tema. Entre elas están:

1. Convocar concurso de tarxetas de Nadal
2. Celebrar o Entroido coa elaboración de coplas e ferretes, así como o xuicio ó Entroido.
3. Continuar coa recollida e clasificación de refráns e ditos populares.
4. Continuar coa recollida e clasificación de xogos populares.
5. Estudio de cruceiros e hórreos da zona.
6. Realización da Semqana Cultural en maio coas seguintes actividades: -Traballos sobre Xosé Maria Álvarez Blázquez. –Celebración dos maios coa elaboración dos humanos, cónicos e figurados, así como cantos tradicionais de Mondoñedo, Lugo, Portomarin, Viveiro... –Exposición (cada ano dun tema: traxes tradicionais, instrumentos..., este ano o tema está por decidir). –Representación de obras de teatro, danzas populares galegas.
7. Estudio das árbores do patio do colexio.
8. Estudio das rúas do barrio
9. Elaboración da revista Piringalladas
10. En colaboración coa biblioteca do centro informar de novas relacionadas coa lingua así como participar na elección de material en galego (libros, DVDs, xogos,...)